igaxes

Programa Mentor

PLAN DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN

Índice

1. Introdución: 25 anos de Mentor 3
2. Necesidades de comunicación 8
3. Análise DAFO 12
4. Ideas clave 19
5. Públicos 21
6. Obxectivos 23
7. Comunicación interna 26
8. Comunicación externa 30
9. Eventos especiais 41

Anexo. Selección de impactos en medios 55

Introdución

25 anos de Mentor

En 2023, o programa Mentor cumprirá 25 anos de existencia. É un dos programa de tránsito á vida independente máis lonxevos do Estado. Ao longo deste cuarto de século, máis de **7.000 mozos e mozas** do sistema público de protección preparáronse para dar o salto á vida adulta contando co apoio do programa.

Neste tempo, Mentor foi recoñecido polo seu **carácter pioneiro** na ampliación da protección ata os 25 anos; considerado pola UE como boa práctica europea para a inclusión social da xuventude; e citado como referencia en equidade de oportunidades por diversas investigacións e publicacións científicas de ámbito estatal e internacional.

Como incubadora de vida independente, Mentor proporciona un **espazo seguro máis alá da maioría de idade**; incorpora figuras profesionais de referencia positiva; estimula habilidades e competencias persoais; axuda a prolongar a vida escolar e a formación; amplía e diversifica as oportunidades de emprego; e contribúe a que cada participante constrúa novos vínculos co mundo ao que está próximo a saltar.

O programa fai posible que as persoas tuteladas, ex tuteladas, en garda ou con medidas xudiciais se acheguen a unha **igualdade real de oportunidades**, algo do que non gozarían doutro xeito. É baixo o abeiro de Mentor que poden avanzar no seu camiño de cambio cara a unha vida autónoma, libre e segura: tal é o seu potencial transformador.

Pero existe, ademais, unha segunda dimensión transformadora que Mentor debe seguir exercendo: a **normalización social** das persoas que viven ou viviron baixo o sistema de protección.

Para que poidan incorporarse plenamente á sociedade é imprescindible que poidan vivir nun **clima social hospitalario e aberto**. Mentor leva anos contribuíndo a construír este clima mediante a divulgación e a sensibilización social.

É da máxima importancia continuar este labor para **combater os estereotipos** que asocian estas persoas con condutas conflitivas ou inadaptadas, causándolles sufrimento e obstaculizando os seus, xa en por si, difíciles procesos.

E tal labor debe realizarse, de forma irrenunciable, con **enfoque de dereitos**: cumprindo cos principios de igualdade, dignidade e non discriminación e valéndose das distintas canles e ferramentas de comunicación como oportunidade para o empoderamento e o exercicio de cidadanía das persoas participantes do programa.

Isto significa que sexan eles e elas mesmas quen expresen **coa súa propia voz** a súa experiencia e visión da realidade.

Neste plan establecemos as liñas principais de comunicación coas que contribuír a cambiar as miradas e propiciar ese cambio positivo na cidadanía en favor dos mozos e mozas.

Abrirlles as portas ao seu futuro debe ser unha misión de toda a comunidade.

CORE
JACK&JONES
SINCE 1990

2. Necesidades de comunicación

Mentor precisa seguir sendo un **motor de normalización social** das persoas que viven ou viviron ao abeiro do sistema de protección de menores; dándolles voz a elas mesmas sempre que sexa posible e contribuíndo a crear un clima propicio para a súa plena incorporación ao mundo;

- traballar para **debilitar o estigma social**, aínda vixente, que relaciona as persoas que viviron en centros con condutas conflitivas ou inadaptadas;

- facelo cunha vocación **informativa, pedagóxica e consciente** do –aínda amplo- descoñecemento que gran parte da sociedade ten da realidade que afrontan estas persoas e das súas causas;

- promover na opinión pública unha **visión dignificadora** destes nenos, nenas, mozos e mozas, poñendo en valor a súa condición de cidadás de pleno dereito e buscando a empatía en lugar da mágoa, o recoñecemento en lugar da piedade;

- con datos e información veraz e contrastada, **combater o discurso de odio** e calquera información nesgada ou falsa dirixida contra a infancia en xeral e contra as nenas e nenos migrantes en particular;

- visibilizar as diversas **formas de discriminación** que afrontan as nenas e mozas tuteladas e ex tuteladas polo feito de seren mulleres;

- defender a **liberdade e a igualdade de oportunidades**, rexeitando explicitamente todo tipo de violencia ou discriminación por razón de xénero, identidade ou orientación sexual;

- involucrar os **medios de comunicación** na satisfacción das anteriores necesidades, sempre e cando garantan un enfoque respectuoso cos dereitos humanos e afastado do sensacionalismo;

- convidar a sociedade galega a **tomar accións concretas** en beneficio das persoas tuteladas e ex tuteladas, ben espallando as mensaxes, ben cedendo o seu tempo mediante iniciativas de acción voluntaria.

- fomentar a **participación do empresariado galego** nesta causa, mediante a creación de oportunidades de emprego, formación ou mentoría laboral;

- gañar visibilidade e **recoñecemento social** para o Programa Mentor en tanto que axente de cambio nas vidas das persoas ás que se dirixe;

- por extensión, aumentar a visibilidade e o recoñecemento social do **sistema público de protección** de menores ante a opinión pública;

- e, por último, impulsar a **proxección do programa** fóra de Galicia, ante administracións, universidades e institucións de ámbito autonómico, estatal e europeo, a fin de promover cambios en beneficio da xuventude tutelada e ex tutelada noutros territorios.

3. Análise DAFO

Debilidades e ameazas

Mantenza de prexuízos sociais que identifican as persoas adolescentes e mozas en protección ou reforma como problemáticas ou potencialmente conflitivas, o que constitúe unha dobre vitimización e obstaculiza a súa incorporación social.

Descoñecemento social do sistema de protección, confundido con frecuencia co sistema de reforma e ancorado a un imaxinario popular dos centros de menores como antigos hospicios ou correccionais.

Connotación pexorativa dos termos “adolescente” e “menores”, reforzado polos medios de comunicación no seu uso frecuente en informacións xudiciais, de saúde, sucesos, etc.

Auxe dos discursos de odio, das informacións nesgadas e dos bulos difundidos co propósito de xerar confrontación social e criminalizar persoas especialmente vulnerables, nomeadamente as nenas e nenos migrantes non acompañados.

Construción social adulto centrista e falta de espazos nos que a infancia e a xuventude, especialmente as máis vulnerables, poidan expresarse.

A falta de oportunidades como impedimento para a normalización social das persoas tuteladas e ex tuteladas: a baixa cualificación fai difícil visibilizar logros nos ámbito académico ou laboral que permitan romper estereotipos.

Ausencia de persoas ex tuteladas referentes ou con proxección pública no ámbito da ciencia, as artes, o deporte, etc.; e tamén de personaxes ex tutelados na ficción literaria, audiovisual, videoxogos...

Limitación histórica dos temas sociais ou sobre dereitos humanos na grella dos medios de comunicación xeneralistas e práctica desaparición dos programas especializados.

Abordaxe frecuente da exclusión social en termos sensacionalistas ou sen enfoque de dereitos por parte dos medios capaces de chegar a grandes audiencias, nomeadamente as televisións.

Fortalezas e oportunidades

Tras case 25 anos de existencia, Mentor é un programa consolidado, capaz de darlle respostas diariamente a moitos dos retos sociais que comporta o tránsito á vida independente dos mozos e mozas que acompaña.

É eficaz: obtén resultados notables e verificables en termos de crecemento persoal, formación e inserción laboral das persoas participantes, o que avala a súa solvencia e fai posible o seu recoñecemento social.

Conta cunha década de experiencia en comunicación dirixida a públicos tanto específicos como heteroxéneos, por canles tanto físicas como dixitais e en campañas públicas multisoporte.

Derivada do anterior, ten capacidade contrastada para xerar impacto social e unha resposta empática na cidadanía, polo que ten unha importancia decisiva na construción dun clima social acolledor para as persoas sen apoio familiar.

As realidades asociadas á protección de menores seguen a ser descoñecidas para boa parte da opinión pública, polo que o seu grao de noticiabilidade é aínda elevado.

A súa orientación cara ao empoderamento e a autonomía das persoas que acompaña permite que sexa percibido como un programa que garante dereitos.

O seu enfoque preventivo do conflito e a exclusión permite que sexa percibido como un axente de vertebración e cohesión social.

Ten ampla capacidade para xerar contido comunicable, tanto por territorio de cobertura como por número de participantes.

Ao promover que sexan as persoas participantes quen se expresen coa súa propia voz na esfera pública e nos medios de comunicación, crea oportunidades para o seu empoderamento, autonomía persoal e participación social.

Sentírense elas protagonistas de historias publicadas ou emitidas ten melloras observables nas súa estima propia e na confianza nas súas propias capacidades.

Brooklyn Camp
FUTU

4. Ideas clave

A política de comunicación do programa Mentor:

- Supedita todas as súas accións á dignificación e á defensa dos dereitos de todas e cada unha das persoas que acompaña.
- Informa sobre a realidade das e dos seus participantes desde un enfoque positivo, inclusivo e con perspectiva de xénero.
- Proponse desactivar os estereotipos sociais que dificultan a incorporación social e laboral destas persoas.
- Garante o respecto absoluto á Declaración de Dereitos da Infancia e traslada esa responsabilidade aos seus interlocutores.

Ideas clave

- Fai posible que as persoas que acompaña sexan emisoras da súa propia mensaxe, respectando a súa vontade e protexendo o seu dereito á intimidade e decidir sobre a súa propia imaxe.

- Combate con información veraz e contrastada os bulos e discursos de odio dirixidos contra a infancia e a xuventude en situación vulnerable, en especial os nenos e nenas migrantes.

- Insta aos medios de comunicación a informaren sobre a infancia e a xuventude en situación vulnerable de maneira responsable, rigorosa, especializada e solidaria.

- Rexeita rotundamente todo enfoque sensacionalista ou degradante no tratamento informativo da realidade das persoas que acompaña.

- Transmite nas súas mensaxes os valores de equidade, compromiso, participación, incidencia, rigor e solidariedade.

5. Públicos

- Persoal laboral de Igaxes
- Xunta directiva de Igaxes
- Persoas voluntarias de Igaxes
- Persoas socias e colaboradoras de Igaxes
- Persoas subscritas ás novidades de Igaxes
- Empresas colaboradoras de Igaxes
- Participantes do Programa Mentor
- Ex participantes do Programa Mentor
- Xunta de Galicia
- Consellería de Política Social
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
- Delegacións do Servizo do Menor, Xunta de Galicia

Públicos

- Consellería de Educación, Xunta de Galicia
- Xornalistas e profesionais dos medios de comunicación
- Outras organizacións e profesionais do Terceiro Sector
- Profesorado de ensino primario, secundario e FP
- Orientadores/as escolares
- Empresas (principalmente xerencia, RRHH e RSE)
- Empresas de formación
- Universidades e centros de investigación social
- Estudantes de Educación Social, Psicoloxía e titulacións afíns
- Asociacións xuvenís, deportivas e culturais
- Sociedade galega

6. Obxectivos

A. VISIBILIZAR
a realidade das persoas en protección
que se preparan para saltar á vida independente
ou ex tuteladas.

B. SENSIBILIZAR
a cidadanía sobre os retos que afrontan estas persoas,
promovendo unha mirada informada, aberta
e libre de prexuízos.

C. FORTALECER

a imaxe de Mentor como política pública referente,
tanto en ámbitos especializados
como na sociedade no seu conxunto

D. MOBILIZAR

outras persoas e entidades cara a accións concretas
que melloren as oportunidades de futuro
dos mozos e mozas participantes.

7. Comunicación interna

Consideramos accións de comunicación interna todas aquelas que se transmiten por canles non públicas ou accesibles vía subscrición. Son públicos destas accións aquelas persoas ou entidades que conforman a base social de Igaxes. Quedan excluídas as comunicacións diarias propias da operativa de intervención e traballo profesional.

7.1 Newsletter

Envío vía correo electrónico do boletín de novidades da organización, con mención expresa ao Programa Mentor, historias relacionadas, protagonistas e ligazón á entrada na web.

Públicos: persoas socias e doantes de Igaxes; empresas colaboradoras; voluntariado; e persoas subscritas ás novidades na web www.igaxes.org.
Indicadores: mínimo de 6 envíos anuais; incremento dun 5% anual do total de correos destinatarios entre 2023 e 2028.
Implantación: xa implantado.

7.2 Boletín interno

Envío vía correo electrónico de novidades da organización, con historias web, información de interese e anuncios de utilidade para o persoal laboral.

Públicos: persoal laboral do Programa Mentor; persoal laboral restante e Xunta Directiva de Igaxes.
Indicador: 4 envíos anuais.
Implantación: outono 2022.

7.3 Dossier de prensa

Envío vía correo electrónico das novas de prensa relacionadas coa infancia, xuventude, dereitos humanos e outros temas relevantes para o desempeño profesional.

Públicos: persoal laboral do Programa Mentor; persoal laboral restante de Igaxes.
Indicador: envío diario (días laborables).
Implantación: xa implantado.

7.4 Cartelería

Elaboración e distribución de cartelería para divulgar as accións periódicas de formación impartidas polo equipo de técnicos/as de inserción laboral.

Públicos: participantes do Programa Mentor; recursos de apoio á inserción; xefaturas territoriais; outros centros de protección de menores.
Indicador: elaboración e distribución dun cartel para cada acción formativa, a demanda do persoal técnico responsable.
Implantación: xa implantado.

7.5 Whatsapp de campañas

Grupo de comunicación informal e de carácter non persoal para involucrar o persoal laboral nas campañas de sensibilización ou accións especiais de comunicación externa (posta en marcha, vías de divulgación, necesidades loxísticas, etc.)

Públicos: persoal laboral do Programa Mentor; persoal laboral restante de Igaxes (só teléfonos de uso laboral).
Indicador: uso puntual, en función das necesidades operativas.
Implantación: xa implantado.

8. Comunicación externa

8.1 Estratexia dixital

8.1.1 Newsletter

Redeseño do sitio web www.programamentor.org. Con motivo do 25º aniversario do programa modernizarase a súa imaxe na rede e renovarase con información detallada en atención aos seus grupos de interese actuais. Ofrecerá unha navegación visual, sinxela e accesible e incorporará testemuñas de participantes; reportaxes en vídeo; infografía con datos de impacto; descarga de memorias e materiais de difusión; sala de prensa; e publicacións especializadas con mención a Mentor, entre outros recursos.

Indicadores: incremento das visitas un 10% no período 2024-2025 e dun 5% no período 2026-2028.
Implantación: publicación do sitio web en xuño de 2023.

8.1.2 Actualización do sitio web www.igaxes.org

Priorizarase a visibilidade do programa e das persoas protagonistas, coa publicación dun mínimo dunha entrada de blog cada mes con información relacionada co programa Mentor e a xuventude tutelada (mención expresa ao programa ou ligazón a información ampliada); publicación de 4 vídeos anuais relacionados; presenza permanente de contidos relacionados na páxina de inicio; e mantemento da páxina interior dedicada ao Programa Mentor, con datos anuais de impacto.

Indicadores: incremento dun 5% anual das visitas a páxinas sobre o programa Mentor (2023-2028).
Implantación: xa implantado.

8.1.3 Redes sociais

En correspondencia coa estratexia web, os perfís de Igaxes en Instagram, Youtube, Twitter e Facebook ofrecerán contido relacionado co programa que se divulgará baixo o hashtag #ProgramaMentor.

Indicadores: 1 entrada semanal/story en Instagram; 1 entrada multimedia semanal en Facebook; 1 tuit multimedia semanal en Twitter; 2 publicacións mensuais de vídeo en todas as anteriores plataformas; 4 vídeos de estrea por ano en Youtube.
Implantación: xa implantado. Actualización dos indicadores a partir de setembro de 2022.

8.1.4 Campaña online 'Non nos xulgues'

Para darlle continuidade á campaña contra o estigma realizada en xuño de 2021, realizarase cada ano unha campaña en internet,

ben en forma de publicidade display, publicidade en medios de comunicación, GoogleAds, Anuncios de Facebook, etc. Os banners dirixirán ao sitio web www.nonnosxulgues.gal.

Indicadores: incremento dun 5% anual das visitas a www.nonnosxulgues.gal (2023-2028)
Implantación: 1ª campaña en maio 2023.

8.2 Presenza en medios

Para visibilizar a realidade dos mozos e mozas en protección e combater os prexuízos sociais que padecen, a alianza cos medios de comunicación é imprescindible. Estes son os indicadores da estratexia de medios que contemplamos en cada anualidade (2022-2028).

8.2.1 Reportaxes en profundidade con testemuños de persoas tuteladas con mención ao Programa Mentor e datos de alcance: 2 informacións por ano en diario xeneralista.

8.2.2 Informacións producidas como resultado dunha visita a unha vivenda tutelada (RAI) do Programa Mentor: 2 informacións por ano en prensa, radio/podcast ou televisión/Youtube/Twitch.

8.2.3 Entrevistas a persoas participantes ou ex participantes do Programa Mentor actualmente emancipadas: 2 presenzas anuais en prensa, radio ou televisión de ámbito galego ou local; 3 presenzas en prensa, radio ou televisión de ámbito estatal durante o período 2022-2028.

8.2.4 Participación en coloquios ou debates de actualidade ou temática social: presenza dunha persoa representante do Programa Mentor en 2 emisións de radio/podcast ou televisión por ano.

8.2.5 Entrevista a persoas alleas ao programa que lle ofrecesen o seu apoio a participantes de Mentor, vía inserción laboral, voluntariado, etc.: 2 presenzas anuais en prensa, radio ou televisión de ámbito galego ou local.

8.3 Outras accións

8.3.1 Entregables para empresas

A inserción laboral é crucial para que a mocidade tutelada poida construír o seu proxecto de futuro. Estes materiais físicos (folleto ou libro explicativo) sobre o programa Mentor e o proceso de preparación de cada participante están pensados para sensibilizar o empresariado potencialmente contratador. O equipo de técnicos/as de inserción laboral de Mentor servirase destes materiais como apoio ao seu labor de prospección empresarial.

Indicadores: 600 entregables distribuídos en decembro de 2023. Anualidades posteriores, en función das necesidades.
Implantación: primeira impresión en febreiro de 2023.

8.3.2 Unidades didácticas

A educación é a ferramenta máis eficaz contra os prexuízos. Por iso deseñaremos unidades didácticas arredor da infancia tutelada, adaptadas a distintas idades (12-15 e 16-18 anos) que poñeremos á disposición da comunidade docente para o seu uso na aula. Apostaremos pola gamificación e o role-play para que o alumnado poida poñerse na pel dun mozo ou moza residente nunha vivenda de autonomía mentres se prepara para saltar ao mundo sen unha familia detrás.

Indicadores: aplicación das unidades en 5 centros de ensino de Galicia por curso académico (2024-2028).
Implantación: edición e 1ª distribución en setembro de 2024.

8.3.3 Charlas en centros e facultades

Como complemento á acción anterior, e en formato presencial ou online, persoas coñecedoras do Programa Mentor (participantes, ex participantes ou profesionais) divulgarán a natureza e obxectivos do programa en aulas de ESO, Bacharelato, Formación Profesional ou titulacións do sistema universitario galego.

Indicadores: 3 accións anuais en centros de ensino ou facultades de Galicia.
Implantación: xa implantado (a petición dos centros).

8.3.4 Foros e publicacións

A través do seu Centro FAIA de Documentación e Investigación Social, Igaxes desenvolve desde hai anos labor investigador en materia de infancia, xuventude e familia. Tamén é a organización

que preside Jóvenes e Inclusión, rede estatal de ONGs de infancia e xuventude. No marco destes eixes, Igaxes promove ou participa en foros e publicacións especializadas que asume como oportunidades para a mención e posta en valor do programa Mentor e o seu recoñecemento como boa práctica para a incorporación social da xuventude.

Indicadores: 10 mencións expresas ao Programa Mentor en foros ou publicacións especializadas no período 2022-2028.
Implantación: outono 2022, con motivo do V Think Tank Jóvenes e Inclusión.

8.3.5 Formación especializada

Co obxectivo de formar profesionais con especialización no traballo con mozos e mozas tuteladas, a Universidade de Vigo e Igaxes coorganizan o posgrao de Especialista en autonomía de mozos e mozas do sistema de protección (Facultade de

Educación e Traballo Social, Campus de Ourense). Cada ano poñerase en marcha unha campaña de captación de alumnado na que se mencionará Mentor como programa de referencia e destino das prácticas e da bolsa de emprego. A difusión farase vía redes sociais e publicidade contratada en medios impresos.

Indicadores: Incremento dun 5% anual das visitas á páxina do curso en www.igaxes.org; 2 anuncios publicitarios por anualidade en prensa xeneralista de ámbito galego con mención ao Programa Mentor.
Implantación: xa implantado (1ª edición: curso 2021-2022).

da por croissant
0'50 cent más

9. Eventos especiais

9.1 Congreso 25º aniversario

En conmemoración dos 25 anos de existencia do Programa Mentor en Galicia (1998-2023), en outubro-novembro de 2023 terá lugar en Santiago de Compostela o Congreso Internacional de Infancia en Protección.

O evento terá unha marcada dimensión e participación internacionais e proponse reafirmar o Programa Mentor como referente europeo entre as políticas públicas dirixidas á xuventude en situación vulnerable.

Contará con voces especializadas de calquera ámbito relacionado coa protección de menores e o tránsito á vida independente: participantes e ex participantes, profesionais, administracións públicas, sector de acción social, mundo do ensino, universidades e persoas con experiencia profesional e investigadora recoñecida.

O comité organizador estará composto por Igaxes, en Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia. O comité científico conformarano especialistas do sector social e do académico, nomeadamente universidades e centros de investigación social. Na confección do programa de ponencias teranse en consideración:

Eventos especiais

- Mozos e mozas en situación de tutela e ex participantes do programa Mentor e doutros programas de apoio á independencia no Estado e no estranxeiro.
- Autores/as de referencia internacional no ámbito da adolescencia e a xuventude e o tránsito á vida independente.
- Administracións públicas de Galicia, España e Europa con competencias en materia de infancia e xuventude: protección, familia, educación, saúde e benestar, etc.
- Representantes de programas innovadores ou boas prácticas a nivel continental a prol da infancia e a mocidade en risco.
- Iniciativas innovadoras en Educación orientadas á equidade e ás oportunidades do alumnado en dificultade.
- Iniciativas de Responsabilidade Social Empresarial con impacto demostrado en beneficio da mocidade en situación vulnerable.
- Redes de colaboración entre universidade e terceiro sector con proxectos punteiros en innovación social.
- Representantes do ámbito da xustiza con competencias en protección de menores.

O evento contará co seu propio plan de comunicación externa cos seguintes eixes:

- Web do congreso, na que se centralizará toda a información sobre o evento, call for papers e altas de participantes.
- Convocatoria extensiva a medios de comunicación autonómicos e estatais.
- Campaña online específica (web/redes sociais) nos meses previos, con especial atención aos portais e webs especializadas para a participación profesional.
- Campaña on line específica (web/redes sociais) durante a celebración, con cobertura en streaming das principais actividades.

9.2 Mostra fotográfica contra o estigma

Como acción continuadora da campaña 'Non nos xulgues' contra o estigma que padecen as persoas tuteladas e ex tuteladas realizada en xuño de 2021 (ver impactos de prensa en anexo) un grupo de mozos e mozas residentes en recursos do Programa Mentor será protagonista dun proceso de comunicación participativa no que, coa axuda dun fotógrafo profesional, elaborarán unha reportaxe fotográfica colectiva na que poderán plasmar as súas propias ideas, emocións, experiencias e desafíos.

As fotografías resultantes serán expostas nunha mostra aberta ao público, con inicio previsto para o último trimestre de 2022. Terá carácter itinerante e poderá ser visitada en distintas localidades ao longo do período 2022-2026.

O proxecto irá acompañado dunha campaña de sensibilización que terá estes obxectivos principais:

- Documentar e divulgar o proceso creativo e os seus resultados. Informar das mostras que se vaian sucedendo, con motivo das súas respectivas inauguracións.

- Combater os prexuízos sociais e dar a coñecer a realidade dos nenos, nenas e adolescentes que viven ou viviron en centros.

Valerémonos das ferramentas de comunicación dixital, medios de comunicación autonómicos e locais e accións offline de sensibilización en espazos públicos.

9.3 Xornadas de portas abertas

Crear novos vínculos sociais e tecer redes coa comunidade é fundamental para que as persoas tuteladas poidan saltar ao mundo con máis seguridade e confianza. Para favorecer estes vínculos propoñemos abrir unha vez ao ano as portas dunha vivenda tutelada ao seu propio barrio e comunidade de veciños.

Sempre e cando a situación sanitaria o permita, esta xornada de portas abertas serviría de encontro interxeneracional para que todos os veciños e veciñas poidan coñecer un recurso de protección da man dos propios mozos e mozas residentes.

Confiamos neste tipo de accións polo seu poder de sensibilización, de normalización social e de vertebración comunitaria. Celebraríase naqueles recursos residenciais mellor habilitados (con espazos abertos ou axardinados) para acoller visitas guiadas, pequenas presentacións, conversas de grupo, xogos infantís, etc.

Tomamos como referencia o precedente celebrado no RAI de Santiago de Compostela en maio de 2019, no que acudiron máis de 150 veciños e veciñas de todas as idades ao longo da tarde. Foi unha xornada de festa e convivencia que marcou unha data clave para a integración da vivenda na vida do barrio.

Para convocalas contemplamos accións de comunicación dirixidas ao tecido asociativo da zona correspondente, buscando a colaboración do propio barrio e emitindo para iso os materiais físicos ou dixitais adaptados que correspondan.

9.4 Podcast ‘Saltar ao mundo’

Este proxecto de documental radiofónico en formato podcast consistirá nunha serie de capítulos monográficos coas historias de vida de 6 persoas ex tuteladas de orixes diferentes que pasaron polo programa Mentor.

Cada unha destas seis persoas será protagonista do seu propio episodio, que combinará os seus testemuños persoais con outros que sexan relevantes para ilustrar as circunstancias e os retos de afrontar a vida adulta sen unha familia detrás.

Nun ton próximo e cálido, cada episodio achegaranos aos seus relatos persoais, á súa visión do mundo e á paisaxe sonora das súas vidas desde o día que deixaron os seus centros e comezaron o seu camiño en solitario.

No cronograma de elaboración estimamos realizar a procura e selección de historias ao longo do segundo semestre de 2022; a produción dos capítulos entre xaneiro e xuño de 2023; e a súa emisión entre setembro e decembro de 2023, con periodicidade quincenal ou mensual.

A serie irase publicando nas plataformas de podcast de referencia (Ivoox, Spotify, ApplePodcast, SoundCloud, etc.) para o seu acceso libre. Buscarase tamén a colaboración de emisoras públicas de radio para a súa emisión por ondas.

9.5 Mostra de cine

En todas as épocas, o cine de gran audiencia e a ficción televisiva téñense achegado á desprotección na infancia para contar historias, con enfoques e sensibilidades moi diversas. Algunhas delas son historias de conflito, miseria, inadaptación, privación de liberdade. O seu alcance masivo fíxoas entrar a formar parte do imaxinario colectivo, influíndo na paisaxe mental que calquera espectador, de modo máis ou menos consciente, se forma ao sentir falar sobre infancia sen familia, adolescencia en risco, servizos de protección de menores, etc.

A mostra que propoñemos optará por unha selección de filmes que ofrezan un punto de vista diferente sobre a desprotección na infancia. Unha mirada máis compasiva e, ao tempo, abondo distanciada como para abordar coa debida profundidade e con amplitude de matices un tema en por si tan complexo.

Eventos especiais



O evento realizarase nunha localidade galega por definir en novembro de 2025, con motivo do Día da Infancia. Por mor dos custes elevados de xestión e adquisición de copias e dereitos, será unha mostra modesta duns tres días de duración con 2-3 proxeccións diarias. Buscarase a colaboración de institucións públicas ou fundacións na procura de salas de proxección acondicionadas.

Na selección incluiranse títulos dirixidos a todas as idades, incluído o público infantil. En cada proxección para público adulto haberá unha pequena presentación

introdutoria e posterior coloquio. Abranguerá pases matinais para escolares e actividades paralelas nas que mozos e mozas participantes e ex participantes do Programa Mentor terán un papel preponderante.

A mostra de cine será o evento central dunha campaña de comunicación contra o estigma, na liña xa iniciada por #NonNosXulgues. Iniciarase xa no mes de setembro-outubro coa conferencia de prensa de presentación e alcanzará a súa maior intensidade durante a semana de celebración, con accións de sensibilización nas rúas e na rede.

SEMPRE
LIBRE
E VIVA

Programa Mentor

PLAN DE COMUNICACIÓN 2022-2028

igaxes